



Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

### **Servizo de Contratación**

**Expediente:** Camiño de Castro de Abaixo a Frenza (Oural) e outros - AGADER

**Forma/ Proc:** Negociado sen publicidade

**Importe:** 111.024,75 euros ( IVE incluído)

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**Adxudicación da obra denominada "Camiño de Castro de Abaixo a Frenza (Oural) e outros" subvencionada polo AGADER**

Na Xunta de Goberno realizada o día 9 de abril de 2015, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra denominada "Camiño de Castro de Abaixo a Frenza (Oural) e outros " por un importe de 111.024,75 euros

Asi mesmo, acordouse solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Excavaciones Construcciones Hnos. Couto Fandiño, SL

Excavaciones Ovidio, SL

Excavaciones José Varela Iglesias, SL

Ó mesmo tempo publícase o anuncio correspondente no perfil do contratista.

No prazo establecido para o efecto recíbense ofertas das 3 empresas.

Por resolución da alcaldía ditada o día 27 de abril, realízase a clasificación das ofertas e ábrense os sobres C - Ofertas económicas que a continuación se transcriben:

Empresas	Oferta económica sen IVE	IVE
Excv. Const. Hnos. Couto Fandiño, SL	91.500,00	19.215,00
Excavaciones Ovidio,SL	91.755,99	19.268,76

Excavaciones José Varela Iglesias, SL	91.755,99	19.268,76
---------------------------------------	-----------	-----------

O día 24 de abril de 2015, ten entrada no rexistro do concello ( 15/785) o informe técnico valorativo dos criterios establecidos no prego e a valoración técnica das ofertas presentadas e asinado polo enxeñeiro don Julio C. Rojo Martínez, que a continuación se transcriben literalmente:

### **INFORME DE CRITERIOS DE VALORACIÓN TÉCNICA DE OFERTAS PRESENTADAS**

**OBRA:** CAMIÑO DE CASTRO DE ABAIXO A FRENZA (OURAL) E OUTROS

**CONCELLO:** BOQUEIXON

O técnico que subscribe, autor do informe de valoración técnica das ofertas presentadas para a licitación da mencionada obra, e a petición do Boqueixón, redacta o presente informe cos criterios empregados que resultan na puntuación outorgada.

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán para a contratación mediante concurso con procedemento negociado sen publicidade das obras contempladas no proxecto "Camiño de Castro de Abaixo a Frenza (Oural) e outros" establece, nos criterios de valoración, dúas Fases:

- Fase I: Criterios cuantificables mediante xuízos de valor, onde se inclúe con carácter xeral:
  - a) Programa de traballo
  - b) Programa de actuacións medio ambientais
  - c) Plan de Control de calidade da obra
  - d) Esquema do Plan de Seguridade e Saúde
- Fase II: Criterios cuantificables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, onde se valoran as ofertas económicas presentadas.

Para a valoración da Fase I establecéronse os baremos que a continuación se indican, adaptados ós xerais, que dan como resultado as puntuacións obtidas.

No apartado a) "Programa de traballo" e ata un máximo de 17 puntos:

- Específico e adaptado a obra: De 17 a 11 puntos
- Xenérico e parcialmente adaptado: De 10 a 2 puntos
- Insuficiente: 1 punto

- Non adaptado ou incompleto: 0 puntos

Segundo este baremo, o programa de traballo presentado polas tres empresas resultan xenéricos e parcialmente adaptados polo que se outorga 10 puntos a cada unha.

No apartado b) "Programa de actuacións medio ambientais" establécense, ata un máximo de 8 puntos, os seguintes criterios:

- Específico e adaptado a obra: De 8 a 6 puntos
- Xenérico e parcialmente adaptado: De 5 a 2 puntos
- Insuficiente, non adaptado ou incompleto: 1 puntos

Segundo este baremo, o programa de actuación medioambiental presentado polas tres empresas resultan xenéricos e parcialmente adaptados polo que se outorga 5 puntos a cada unha.

Para o apartado c) "Plan de control de calidade" o prego establece explicitamente os criterios de valoración a aplicar. Segundo estes, o plan de control interno de calidade presentado polas tres empresas considérase xenérico e parcialmente adaptados polo que se valora con 1 punto.

A puntuación da porcentaxe de control interno de calidade resulta en 1 para EXCAVACIONES OVIDIO E HERMANOS COUTO FANDIÑO por ofertar a maior porcentaxe (1%), de 0,50 puntos para EXCAVACIONES VARELA puntuado proporcionalmente ao ofertar esta empresa unha porcentaxe do 0,50%.

A empresa HERMANOS COUTO FANDIÑO expresa porcentaxe adicional de control externo de calidade 1,50% polo que se lle outorga 1,50 puntos por este criterio de valoración mentres que EXCAVACIONES OVIDIO e EXCAVACIONES VARELA non ofertan porcentaxe adicional para control externo de calidade polo que se lle puntúa con 0 puntos.

Para o apartado d) "Esquema do Plan de Seguridade e Saúde" e ata un máximo de 12 puntos:

- Específico e adaptado a obra: De 12 a 6 puntos
- Xenérico e parcialmente adaptado: De 5 a 2 puntos
- Insuficiente, non adaptado ou incompleto: 1 punto

Todas as empresas obteñen 8 puntos por presentar un esquema do Plan de Seguridade e Saúde axeitado á obra pero sen o nivel de concreción necesario para acadar a máxima puntuación.

Para que conste ós efectos oportunos, asino o presente informe en Boqueixón a vinte e dous de abril de dous mil quince.

Asdo. Julio C. Rojo Martínez

INFORME DE VALORACION TECNICA DE OFERTAS PRESENTADAS

OBRA: CAMIÑO DE CASTRO DE ABAIXO A FRENZA (OURAL) E OUTROS

CONCELLO: BOQUEIXON

Julio C. Rojo Martínez, Ingeniero de Caminos, informa que examinadas las documentaciones presentadas en la licitación de las obras de referencia, a su juicio, y en función de los criterios contenidos en el Pliego de Cláusulas Administrativas, la valoración alcanzada es la que sigue:

CONTRATISTAS	a)	b)	c)			d)	TOTAL
	PROGRAMA TRABAJO	PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL	PLAN CONTROL CALIDAD			PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD	
			PLAN	% CI	%CE		
EXCAVACIONES OVIDIO	10,00	5,00	1,00	1,00	0,00	8,00	25,00
EXCAVACIONES VARELA	10,00	5,00	1,00	0,50	0,00	8,00	24,50
HERMANOS COUTO FANDIÑO	10,00	5,00	1,00	1,00	1,50	8,00	26,50

BOQUEIXON, 22 de abril 2015  
 EL INGENIERO DE CAMINOS  
 Fdo. Julio C. Rojo Martínez

Por resolución da alcaldía ditada o día 27 de abril, clasifícanse as ofertas quedando os resultados tal e como se transcribe no cadro seguinte, e solicítaselle á empresa con maior puntuación que achegue a documentación sinalada:

Empresas	A	B	C	D	Valoración oferta	Puntuación Total
Excav. Const. Hnos. Couto Fandiño, SL	10	5	3.50	8	0.84	27.34
Excavaciones Ovidio,SL	10	5	2	8	0.00	25.00
Excavaciones José Varela Iglesias, SL	10	5	1.50	8	0.00	24.50

O día 30 de abril, recíbese a documentación solicitada e o aval correspondente, polo que se debe adxudicar o contrato no prazo máximo de 5 días hábiles desde que se reciba a documentación.

Debido a que se precisa adxudicar o contrato o máis axiña posible debido a que a obra debe estar executada e certificada antes do día 30 de xuño, Resolvo:

1 Adxudicar o contrato da realización da obra denominada "Camiño de Castro de Abaixo a Frenza (Oural) e outros" á empresa Excavaciones Construcciones Hnos. Couto Fandiño, SL por importe de 110.715,00 euros

2 O prazo máximo para xustificar a realización das obras remata en xuño, tendo en conta que o día 30 ten que estar enviada a documentación xustificativa da realización da obra para o AGADER

3 Notificar esta resolución ó adxudicatario e ós demais licitadores

Boqueixón, 4 de maio de 2015

O alcalde



Jesús Sanjuás Mera

